

4ª Convocatoria de Concurso de artigos en galego para o boletín Xermolos de Ciencia, Volume 2, número 1

Para animar a todos os estudantes a participar activamente lánzase 4ª Convocatoria de **Concurso de artigos en galego para o número 1 do volume 2 do boletín Xermolos da Ciencia**

Obxectivo

O **concurso busca** fomentar a redacción e difusión de textos de interese científico e divulgativo aptos para seren publicados nas catro seccións do boletín da facultade. Poderán participar estudantes da facultade de Bioloxía, así como egresados recentes (nos últimos dous cursos) que presentasen traballos de fin de grao ou de mestrado na antedita facultade. Estes traballos poderán ser adaptados ao formato do boletín.

O persoal docente e investigador (PDI) tamén pode participar, pero os premios están reservados ás persoas que sexan ou fosen estudantes recentemente.

Envío de documentos

Os textos deberán ser enviados ao correo electrónico: **xermolos.ciencia@usc.gal** en formato **.docx (Word) ou .odt (LibreOffice)**. O nome do arquivo deberá incluír o nome e apelidos do autor/a (exemplo: *MaríaPérez_CienciaEnGalego.docx*).

Premios

Premiaranse un traballo co 1º premio e cinco co 2º premio:

1º premio: Bono de 30 € para ser empregados na cafetería de Bioloxía - Matemáticas.

2ª premio: Bono de 20€ tamén para ser empregados na cafetería de Bioloxía - Matemáticas.

En total 6 premios para este cuarto número. Pode haber traballos publicados que non obteñan premio, pero si acaden a calidade suficiente para ser publicados na revista.

Extensión dos artigos:

A extensión mínima vai ser de 300 palabras e a máxima de 600 palabras.

Prazo de entrega

O prazo de entrega estará aberto dende a publicación desta convocatoria ata o **1 de febreiro de 2026**.

Criterios de avaliación

A Comisión de Normalización Lingüística valorará os textos segundo os seguintes criterios:

- **Corrección lingüística:** Uso correcto da lingua galega e precisión terminolóxica.
- **Rigor científico:** Fiabilidade e veracidade da información.
- **Claridade e accesibilidade:** Capacidade de comunicar ideas de forma comprensible.
- **Orixinalidade e interese:** Innovación na forma de abordar o tema e relevancia do contido.

- En función do número, calidade e autoría dos traballos recibidos a comisión reservase o dereito a modificar a distribución dos premios.

Resolución:

A Comisión de Normalización Lingüística valorará a calidade e adecuación dos textos e resolverá nun prazo de 2 semanas a partir da data de fin da convocatoria. A publicación do fallo farase a través da páxina web da facultade.

A comisión pode decidir reservar textos que, aínda que non obtiveran premio, acadan calidade suficiente para ser publicados no presente número ou nos seguintes.

A comisión enviará un correo electrónico ós gañadores do concurso e xestionará a entrega dos bonos.

Santiago de Compostela a 12 de xaneiro de 2026.

Asd. Jesús López Romalde
Decano da facultade de Bioloxía